

(Vén da páxina anterior)

outras, a Lexión de Honra e a Medalla da Resistencia.

A dureza que ofrecen os repetidos conflitos internos do PCE desde a toma de control da dirección por parte de Santiago Carrillo, converte en moi difícil seguir os pasos de moitos destes destacados militantes. Vítimas da derrota da República e das loitas internas dun PCE totalmente cautivo de Stalin e o PCUS. Non poucos deles desaparecen do santoral do partido tal como antes mereceran a retórica da propaganda. Outros, caso de Ramiro López, viron como a súa cercanía a Monzón lles significou a desconfianza absoluta da dirección do PCE, controlada, despois da invasión de Arán, por un omnipotente Santiago Carrillo. Ramiro López Mariano morrera nun accidente de tránsito ocorrido na provincia de Castelló en 1974.

Semellante situación á destes loitadores no exilio francés atópamola cos que se viron na obriga de actuar na clandestinidade no Estado español. Militantes comunistas no máis duro do primeiro franquismo como o lucense Luís Sendín, o home de confianza de Heriberto Quiñones en València e Madrid. Sendín formou parte da Comisión Central Organizadora do PCE que tiña Alberto Puente por coordinador na Galiza, outro militante do que pouco sabemos ao igual que de Juan Pino, enlace do partido de Jesús Monzón en terras galegas. A pertenza destes homes ás fraccións do partido lideradas por Quiñones e Monzón—logo caídos en desgraza e perseguidos con saña pola propia dirección exterior do PCE— tirou sobre eles o habitual nengueo das súas biografías e aportacións, tanto ao partido como á loita antifranquista.

Mentres, en Agosto de 1944, en plena liberación, os guerrilleiros galegos no exilio francés non dixeran en desprezar a bandeira galega nos desfiles da celebración. En Maio de 1947 José Antonio Paz, Coronel da FFI, que conservaba aínda a enseña, escribía: "Gardámola nós para enarborala xunto a outra máis heroica aínda, a que tremoarán os guerrilleiros galegos do interior, no día da liberación da Galiza".

Nunha histórica foto realizada en Toulouse dos "chefes españois" da guerrilla resalta a presenza dos galegos Antonio Paz, Calvo e García Acevedo retratados á par de líderes tan significados como López Tovar, Quim, Juan Blázquez ou Luis Bermejo.

Poucos anos despois Ramiro López, Antonio Paz e Antonio Núñez apoiarian a constitución no exilio francés do Bloque Republicán Nacional Galego e, dentro del, promoverán un Consello Nacional Galego da Resistencia como elemento práctico de apoio á loita armada no interior. De feito no xornal *Galiza*, voceiro de BRNG, escribíase en 1947: "O Bloque Republicán Nacional Galego está completamente identificado coa loita guerrilleira, así está expresado nas súas bases constitucionais e unha das súas misións é precisamente axudar por todos os medios ao seu alcance aos que combaten no interior da nosa pátria e en primeiro lugar aos guerrilleiros". ♦

ANACOS DE BOROBÓ

O exemplo de Ramón Martínez López

No exemplo anterior que puxen de Luis Bouza Brey aludín ao bo e xeneroso comportamento que tivo co seu irmán no galeguismo, e querido compadre despois, tras a dramática despedida de ámbolos dous, ao embarcarse Ramón Martínez López na *motora*, en que quedou a salvo a súa testa preclara. Daquela enguedellárase, coma unha cereixa a outra, o exemplo que agora poñerei, do ilustre catedrático, que nos seus derradeiros anos sería o presidente do reconstituído e xa efémero partido galeguista.

■ **A CANTIGA DO SOMBREIRO.** Se non fora por ser máis novo, ao nacer Martínez López despois do 98, podería incluílo con toda xustiza na inclita *xeración dos Ramóns*: teima miña da que tratei nas *Xornadas sobre Ramón Cabanillas* celebradas en Cambados, na primavera. Pois Ramón Martínez era, en certo xeito, unha prolongación da humanidade do seu grande tocaio arousano e do de Trasalba. Tanto que, pola súa gallardía física e fineza espiritual, cabería acomodar para il, aquela cantiga que recolleu Cabanillas, na súa *Antígona*, referente a Otero Pedrayo:

*Aí, o señor don Ramón,
que ben que lle está o sombreiro,
non hai mozo máis garrido
en todo o chan de Amoero.*

A cantiga tamén poidera adaptarse á figura do propio patriarca da *Terra asoballada*; pois usaba asemade un amplo sombreiro, moi semellante ao típico chambergo dos bohemios. Pero eu máis ben imaxinaba (ao iniciarse o ciclo en homenaxe a Ramón Martínez López, celebrado durante o verán de 1988, na Casa da Cultura de Boiro, que leva seu nome) que a quen lle tivo que sentar moi ben o sombreiro, foi ao mozo nacido na cimadevila boirense.

E preguntaba daquela si se cantaríaa por Triñáns, e Mañóns e Goiáns, nos anos da república—tempo no que disfrutaba Martínez López da espléndida mocidade— unha variante daquil cantar do *chan de Amoero*. ¿Non a cantarían as mozas, á volta da romería de San Ramón de Bealo, ao velo tan apostado e xentil, aquela preciosa canción? Alterada, lóxica e xeograficamente no último verso, que sería se cadra, *dende Neixón a Abanqueiro*. Ou aínda máis longo, *dende Postmarcos a Leiro*.

■ **O XOVE CATEDRÁTICO.** Posto que se percibía arredor da planta xuvenil de Martínez López certa aura de dandismo, ao acaso de donxoanismo, que deixaba impresionadas ás mozas, aínda despois de desaparecer do seu ámbito. Cando xa Ramón Martínez brillaba lonxe, impulsado pola precocida-



Ramón Martínez López en Estes Park, Colorado, ao pouco da súa chegada aos Estados Unidos. Verán de 1940.

de de seus éxitos académicos.

Recordo que, cando no primeiro ano da República entrei na universidade de Santiago, as lindas alumnas dos últimos cursos de Filosofía e Letras, que aínda chegaran a coincidir con Martínez López no momento en que este culminaba a súa carreira, referíanse a il con acento enamorado. Coma si de un príncipe azul se tratara; evadido axiña do claustro compostelán pra habitar somentes no limbo dos soños femeninos; ao gañar por oposición a cátedra de Lengua e Literatura Españolas, do Instituto de Lugo, contando tan só vintetrés anos.

Marca que motivou a sorpresa e quizabes algunha sana envexa entre a intelectualidade galega. Anque tamén a rendida admiración das primeiras universitarias santiaguesas que suspiraban pola garrida prestancia de Ramón Martínez, tan bo partido coa súa flamante cátedra.

Axiña soubo Ramón conquistar á que sería a súa fermosa dona, Isabel Castromán, a lindísima *americana* de Carril, que competía en encanto coas famosas belezas da Vilagarcía *le da de navíos*: a señora viúva de Gopelleira, a mítica Cachumbula Cameron e as fillas de don Lisardo Barreiro, algunha delas desaparecidas na flor da súa mocidade.

■ **DE PORTUGAL A TEXAS.** Logo de sentar cátedra en Lugo—onde entre outras cousas foi anfitrión de García Lorca—, vaise Martínez López, en 1933, ao Instituto Español de Lisboa, que axiña dirixirá. Alí trabala amizade con Fernando de Pessoa, Teixeira de Pascoas e Fidelino de Figueirido, os tres inxeis escritores portugueses. Tamén foi Ramón agregado cultural á Embaixada da República

Española en Lisboa; na cal o eximio historiador Claudio Sánchez Albornoz era o embaixador. Ata que, ao apoiar Oliveira Salazar ao *bando nacional* na Guerra de España, expulsada de Portugal ao embaixador e ao seu agregado. Quen volvera meses antes ao país veciño, fuxido na mencionada *motora*.

Martínez López embarca de novo, xa con pasaporte diplomático, nun navío sueco, que se dirixía a Marsella e dende alí chega a París, onde permanece como agregado cultural da embaixada española, ata abril de 1937; no que se vai ao fronte republicano, incorporándose ao Corpo de Carabineiros, do que chega a ser tenente coronel.

Anque non é miña intención aquí relatar os azares políticos de Ramón Martínez, que tantos anos o alonxaron da Ría de Arousa. Limitareime a consignar que perdida a guerra por nós, os republicanos, tivo que marchar ao exilio. Foi primeiro a Bos Aires, logo a Princeton e, por fin, a Austin, Texas, reemprazando ao sabio filólogo e historiador, Américo Castro. Alí se xubila, aos 64 anos, sendo declarado *emeritus professor*.

■ **A CIENTÍFICA SAUDADE.** Nista longa etapa de exilio, a saudade de don Ramón de Cimadevila cristaliza; adquirindo un contido científico moi particular, moi barbazán, coma il mesmo manifestou no seu *Pregón das Festas do Vran*, 1984, en Boiro:

"Cantas veces—recordou— durante a miña longa estadía en universidades norteamericanas tiven ocasión de lucir diante dos meus alumnos, con frase consagrada en inglés *I was there* (eu estaba alí), os meus coñecimentos do Barbanza, Abanqueiro, Moimenta... Vouvos contar un pequeno e inxenuo segredo (e tamén recurso asociativo, lindando a picaresca pedagóxica). Ensinei eu filosofía e lingüística peninsular. Pois ben, eu teño que confesar que moitas veces, co pretexto de poñer exemplos de certas verbas, consciente ou inconscientemente, fásame a mente á asombrosa toponimia boirense. ¡Cantas veces expliquei, orgullosamente, a etimoloxía de Moimenta e Cespón! ¡Cantas aproveitei a riqueza do contido histórico das vellas circunscricións como a de Postmarcos".

■ **A NAI DE RAMÓN.** Naquel tan emotivo *Pregón* narrou Martínez López, con bágoas nos ollos, un episodio do cal foi a súa nai protagonista e que ben merece transcribirse aquí:

"Corrían os primeiros meses do ano terríbel de 1937. Unha casa de Cimadevila fora ocupada dende os comezos da Guerra

Civil polas mocedades de certa agrupación. E a ocupación moi cedo se transformou en casa para actividades que nada tiñan que ver coa política. Moito Venus e pouco Marte. Cando os donos conseguiron que a casa fose liberada, a señora pediu a aquel santo e pintoresco capelán Don Noal que fose bendecida aquela casa ultraxada. Sinto un grande orgullo ao me lembrar o que alguén que asistiu á marcha me contou. Despois da bendición a propietaria, con voz abondo alta para ser ouvida pola xente que acompañaba a procesión, díxolle nervosa a Don Manuel: *Ou tra bendición, Don Manuel que nesta casa tense pecado moito*. E agora vades a permitirme que non vos diga quen era aquela boiresa por razóns de modestia. Conocina moi ben e tamén a casa".

■ **A CARÓN DA NATUREZA.** E ao xa anciano pregoiro don Ramón caianlle as bágoas pola meixela, ao lembrar sen nombrala, a dona Concha, súa nai. Se ben naquél emozoante pregón Martínez López non se deixou arrastrar por unha morriñoisa lembranza do Boiro que foi; contendo delicadamente a saudade sentida durante tantos anos de desterro nestas palabras belidas e sinxelas:

"Cando penso nas cantarelas polas noites estreladas do vran dende o Cano hastra Cimadevila, ou a alegre volta da romería de San Ramón de Bealo (a súa lembranza máis fixa) mozos e mozas, amigos ou namorados, ou as paseatas polas limpas praias de Barraña, ou a festa da vendima en Romarías ou Cespón, algo socede na miña alma que simplemente gusta, e dalle a esta, unha orixe que ten que ver coa anterga unión do Home e a Natureza, algo que o noso Castelao exixía hastra do verdadeiro artista no seu famoso pórtico de *Cousas* instituído A *carón da natureza*".

Iste célebre pórtico, con toda a súa intertextualidade, larrisqueime a transformalo, máis tarde, nos *Versículos do Barbanza*, apéndice da miña *Rianxada*. Ocurríuseme facelo despois de escoitar a Martínez López aludir a el no seu pregón. Tras diste, o alcalde entón de Boiro, Manuel Velo—que dira o nome de don Ramón á Casa da Cultura que ergueu no parque da Cachada—invitoume a xantar co inxel boirense e a súa dona.

Logo viñeron á miña Casa da Fiada, a tomar café. E dende o meu Trevonzo gozou o adail galeguista da contemplación de Rianxo, onde Daniel, o noso, viveu a carón da natureza. E cóubolle tamén ao ilustre catedrático repasar alí, visualmente, a lección das súas saudosas toponímias: Neixón, o Budeón, Abanqueiro, Mañóns... ♦